

30 de xaneiro 2017



**DÍA ESCOLAR
DA NON VIOLENCIA
E A PAZ**

PAZ

A cidade promoverá a educación na diversidade, para a comprensión, a cooperación solidaria internacional e a paz no mundo. Unha educación que combata calquera forma de discriminación. Favorecerá a liberdade de expresión, a diversidade cultural e o diálogo en condicións de igualdade. Acolle tanto as iniciativas de vangarda como as de cultura popular independentemente da súa orixe.

Art. 2 da Carta de Cidades Educadoras

Asociación Internacional de Cidades Educadoras (AICE)

DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E A PAZ. 30 DE XANEIRO DE 2017

O Departamento de Educación do Concello de Santiago, vén desenvolvendo dende hai anos diferentes actividades relacionadas co Día Escolar da non violencia e da Paz de acordo coas recomendacións emitidas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria recollidas na Orde do 7 de xuño de 2016, en colaboración cos centros educativos e o seu profesorado.

Nesta edición contamos cunhas serie de recursos que axudarán a desenvolver un traballo didáctico nos centros de ensino e noutros espazos de convivencia da cidade de Santiago:

GUÍA DIDÁCTICA BRUNDIBÁR

Con motivo da representación da ópera infantil BRUNDIBÁR de Hans Krása (que tivo lugar o pasado día 17 de decembro de 2016 no Teatro Principal de Santiago e o día 18 no Teatro Afundación en Vigo), as profesoras Adela T. Maroño e Mercedes Blanco, elaboraron unha Guía didáctica sobre esta ópera co obxectivo de “servir de ferramenta para preparar ao público infantil de xeito que se achegue e descubra o mundo da ópera a través deste texto operístico, pois ao coñecerla e entendela mellor grazas ás actividades que se propoñen na guía, poderá non só gozar máis da asistencia ao espectáculo, senón aprofundar en acontecementos históricos en todo un conxunto de valores”.



Neste traballo inclúense tres tipos de propostas de actividades: propostas con información sobre a ópera e o seu contexto histórico; recomendacións para gozar co visionado do espectáculo, e actividades para traballar cos nenos e nenas elixindo aquelas que mellor se adecúen ao voso contexto ou necesidades.

Constitúe un recurso didáctico que se ofrece aos centros escolares como base para reflexionar nas aulas sobre o holocausto, o racismo, a xenofobia, as persoas refuxiadas, os campos de exterminio ou a II Guerra Mundial, entre outros temas de interese.

Esta Guía didáctica estase a remitir a todos os centros de ensino de Santiago, e está a disposición de quen o desexe na páxina web do Concello www.santiagodecompostela.gal

REPRESENTACIÓN DA OBRA “GOLDI LIBRE”

Dirixida ao alumnado de Bacharelato, ofrécese unha representación gratuíta da obra “**Goldi Libre**”, no **Teatro Principal**, o **día 27 de Xaneiro, venres, ás 11:30 horas**, á que poden asistir o alumnado deste nivel educativo.

Esta iniciativa teatral do Grupo Berberecheira, auspiciado por Chévere, vai permitir a reflexión nas aulas sobre o movemento pacifista, a obxección de conciencia ou a insubmisión, a non violencia e a paz, así como o papel xogado pola xuventude na supresión definitiva do servizo militar obrigatorio.

As reservas poden realizarse directamente no número de teléfono 981 554 400 ou no correo electrónico dptoeducacion@santiagodecompostela.gal

ENCONTRO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS

Celebración conxunta do Día Escolar da non Violencia e da Paz nas Escolas Infantís Municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños, pola que inclúen no seu proxecto educativo de escola, os principios da paz, a cooperación e a solidariedade, na procura dun clima de harmonía, convivencia e de respecto entre iguais. Ao longo de todo o ano, e especialmente na semana do 23 ao 29 de Xaneiro, o traballo educativo e pedagóxico destas escolas infantís céntrase na organización e elaboración de materiais didácticos, actividades e propostas para traballar cos nenos e nenas este tema transversal.

Por este motivo, o luns, 30 de Xaneiro, a Escola Infantil Municipal de Meixonfrío-Salgueiriños acollerá a xornada de celebración DO DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E DA PAZ DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, no que participarán os nenos e nenas, acompañados dos seus profesores e profesoras, así como das familias que o desexen das escolas infantís municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños.

PROGRAMA

10.30 h Encontro dos nenos e nenas das Escolas Infantís Municipais de Conxo e das Fontiñas cos da Escola Infantil Municipal de Meixonfrío-Salgueiriños.

10.45 h A creación do mural da "paisaxe da Paz".

11.15 h - Tres desexos pola Paz (pais e nais das escolas infantís municipais).
- Lectura do Manifesto pola Paz e a non Violencia polo Alcalde de Santiago de Compostela.

11.45 h Solta de pombas polo Club Colombófilo "Alas de Compostelanas".
Solta de globos pola Paz

Participará ao longo do acto a **Escola Municipal de Música do Concello de Santiago de Compostela**. Trombonistas: Víctor M. Collazo e Daniel Ruibal.



ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

A Escola Municipal de Música (EMM) vén a sumarse a esta conmemoración cun *Concerto de Hang e Violín*, a cargo da profesora de violín da EMM Loida Díaz e Brais Calles, músico convidado.

A cita terá lugar o luns, **30 de xaneiro ás 19,15 h. na Escola Municipal de Música** (Rúa Proxecto Vagalume, 2) e na que está convidado a participar a comunidade educativa da escola.

PROGRAMA DO CONCERTO

Juan Montes (1840 – 1899)

Negra sombra

J.S. Bach (1685 – 1750)

Preludio 1ª suite para violoncello

György Ligety (1923 – 2006)

Allegro grazioso

Igor Stravinsky (1882 – 1971)

Les Cinq Doigts

4. Larghetto

5. Moderato

Achégase cartel e programa de actos previstos.

MÁIS INFORMACIÓN

DEPARTAMENTO EDUCACIÓN E CIDADANÍA

Edificio CERSIA

Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, s/n – San Lázaro

Tfnos.: 981 554 400/401 Fax: 981 571 511

dptoeducacion@santiagodecompostela.gal

www.santiagodecompostela.gal